

Galicia e algunhas expresións galegas en 'La Hija del Mar' de Rosalía de Castro

Xosé Otero Canto, 27 de marzo de 2026

<https://www.galiciadigital.com/opinion/opinion.39154.php>

Esta obra de Rosalía ten a súa estadía no mar embravecido e embruxado que se estende desde o Finis Terrae, a nosa Fisterra, até Muxía, e rumbo a Camariñas pasaba aquel vapor onde o amor de Teresa ía como xefe daquel buque entroncado de recordos e onde a protagonista escoita o ruído tamén salvaxe e montaraz do vento muxián que asubía entre as penas cando hai tempestade e fai "campanarios" nas ondas, como di Rosalía, por esa semellanza que teñen as ondas ás torres das igrexas cando o mar medra e brinca por riba dos cantís. A protagonista, Teresa, un sábado de outono fora visitar a Pedra Santa ou Pedra de Abalar na Nosa Señora da Barca e a susodita pedra producía no seu acompasado movemento un ruído xordo e metálico que se escoitaba no século XIX a grande distancia, parece ser, mais hoxe, coidamos que ese son amortécese coa contaminación sonora e mingua o seu son e as súas vibracións recibidas como ondas sonoras da pedra.

Envólvenos o Romanticismo cando a filla natural de Teresa, chamada Esperanza, e Fausto, fillo dun mariñeiro muxián, divisan o vapor rumbo a Muxía e os dous soben á "Pena da Cruz", de inxente altura sobre o nivel do mar, temíbel pendente e xigantesco penedo, mouro e núo no que habita unha cruz de pedra e onde os dous namorados adolescentes divisan a grandeza do mar e das nosas costas que o poeta Rufo Festo Avieno no século IV tivo a ben documentar na súa "Ora Maritima" e a Oestrymnia e a Ophiusa que López Cuevillas identifica con Galiza e onde os novos namorados divisan o que os galegos coñecemos como "ovelliñas brancas" que se bican coma os dous ruliños e se derreten en namoros o mesmo que as ondas se desfán en multitude de ovellas brancas que pacen no mar alterado coma o corazón dos adolescentes cando senten as chegadas do amor e da tempestade, que tanto un como a outra, son capaces de alterar os sons desa máquina que toca sen parar, a golpes, segundo sexan as emocións que nos cinguen e abranguen en apertas alteradas como o mar zarrapica as penas de amor e das lembranzas que os dous namorados manterán mentres moren na súa corta, pero intensa existencia.